

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

EXPEDIENTE	2021036919
ASUNTO	Primeira convocatoria do concurso "Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público"
TRÁMITE	Concesión dos premios Ágora de Fotografía

O deputado delegado de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, Cooperación Transfronteiriza e AECT Río Miño e Residuos, Uxío Benítez Fernández, no exercicio de competencias delegadas pola Presidencia por medio das Resolucións presidenciais nº 2019012988 e 2019014186, de datas 15 de xullo e 1 de agosto de 2019, dita a seguinte:

**RESOLUCIÓN****Antecedentes:**

1. No BOPPO de 24 de agosto de 2021, núm. 162, publicáronse as bases e a convocatoria da primeira edición dos "Premios Ágora de Fotografía sobre o espazo público".
2. Por Resolución Presidencial número 2022000289 de 19 de xaneiro de 2022, aprobouse a relación definitiva de participantes e o nomeamento do Xurado.
3. Por Resolución Presidencial número 2022000427 do 24 de xaneiro de 2022, nomeouse ao persoal de apoio ao Xurado para realizar as operacións de índole loxística, para agrupar todo o material presentado polos participantes (as fotografías e os folios que conteñen os seus títulos, a categoría á que se presenta cada unha, e os textos descritivos asociados).
4. Acta da reunión do persoal de apoio ao Xurado do Concurso "Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público" de data 27 de xaneiro de 2022, a cal recolle que se procede á apertura dos dispositivos dixitais presentados polos 62 participantes de entre as persoas admitidas no concurso na Resolución Presidencial número 2022000289 do 19 de xaneiro de 2022.
5. Acta da primeira reunión do Xurado do concurso "Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público" de data 1 de febreiro de 2022, na que se fai unha primeira valoración do certame, coméntanse as bases e a dinámica do concurso e visualízanse as 297 fotografías presentadas.
6. Acta da segunda reunión do Xurado do concurso "Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público" de data 15 de febreiro de 2022, que recolle o resultado por categorías das fotografías excluídas e seleccionadas polo Xurado.
7. Acta da terceira reunión do Xurado do concurso "Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público" de data 18 de marzo de 2022, na que se fai a reclasificación dalgunhas fotografías por considerarse que se axustan mellor noutra categoría, e procédese a seleccionar as imaxes e a outorgar os premios recoñecidos nas bases publicadas no BOPPO núm. 162 de 24 de agosto de 2021.



## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

8. Acta da identificación dos premiados do concurso "Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público de data 21 de marzo de 2022.
9. Gala de entrega dos "Premios Ágora de Fotografía sobre o Espazo Público", realizada o 28 de abril de 2022.

### Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Bases reguladoras publicadas no BOPPO núm. 162 de 24 de agosto de 2021.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria, de 28 de outubro de 2016, e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPACAP); Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, polas de dereito privado.

2ª Conforme a Base décimo segunda das reguladoras da convocatoria, que recolle a selección e concesión dos premios, corresponde ao xurado realizar as súas avaliacións e deliberacións, para chegar á selección das fotografías gañadoras. Nese momento o xurado emitirá unha acta de resolución do concurso, indicando unha listaxe que inclúa a listaxe completa dos premios, e o título da fotografía asociada a cada un deles, xunto co código alfanumérico de anonimización que figura no sobre correspondente.

O derradeiro parágrafo desta Base establece que, *"tras a decisión do xurado, o servizo de Novas Tecnoloxías procederá á identificación da autora ou autor de cada unha das fotografías premiadas"*.

A continuación, coa acta de resolución do concurso, o servizo de Novas Tecnoloxías procede á identificación dos códigos alfanuméricos coas identidades das persoas gañadoras, o que dará lugar a unha resolución, idéntica á acta emitida polo xurado, pero na que figurarán os nomes, apelidos e DNI das gañadoras no lugar do código alfanumérico. Esta segunda acta será publicada no BOPPO.

3ª A base décimo terceira da convocatoria establece que a resolución derivada da decisión do xurado se publicará na sede electrónica da Deputación de Pontevedra e na páxina web da Rede Ágora. A base décimo quinta establece así mesmo que as persoas premiadas deberán achegar certificación bancaria da conta na que se ingresará o importe dos premios unha vez practicada a retención que corresponda polo concepto de IRPF.

Por todo o que antecede,



**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

RESOLVO,

Primeiro.- Aprobar a proposta do Xurado e outorgar os seguintes premios:

<b>PRIMEIRO PREMIO "PREMIOS ÁGORA DE FOTOGRAFÍA SOBRE O ESPAZO PÚBLICO"</b>					
<b>PREMIADO/A</b>	<b>NIF</b>	<b>TÍTULO IMAXE</b>	<b>ESPAZO PÚBLICO FOTOGRAFADO</b>	<b>RECOÑECIMENTO</b>	
Victor Manuel Lorenzo Santiago	***9532**	Síntome un mais	Praia do Bao (Illa de Arousa)	6.000 EUROS	
<b>SEGUNDO PREMIO "PREMIOS ÁGORA DE FOTOGRAFÍA SOBRE O ESPAZO PÚBLICO"</b>					
<b>PREMIADO/A</b>	<b>NIF</b>	<b>TÍTULO IMAXE</b>	<b>ESPAZO PÚBLICO FOTOGRAFADO</b>	<b>RECOÑECIMENTO</b>	
Francisco Javier Arcenillas Pérez	***0116**	Fotografía 04	Praza da Ferrería (Pontevedra)	4.000 EUROS	
<b>CATEGORÍAS "PREMIOS ÁGORA DE FOTOGRAFÍA SOBRE O ESPAZO PÚBLICO"</b>					
<b>PREMIADO/A</b>	<b>NIF</b>	<b>TÍTULO IMAXE</b>	<b>ESPAZO PÚBLICO FOTOGRAFADO</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>RECOÑECIMENTO</b>
Iago Manoel Souto Lorenzo	***2953**	Un espazo para todas as persoas	Rúa Peirao Pasaxeiros (Vilagarcía de Arousa)	Categoría 1 "O Espazo Público é un Dereito"	2.000 EUROS
Mónica Vila Ferreirós	***6569**	Peatonalización Fefiñans	Praza de Fefiñans (Cambados)	Categoría 2 "As Persoas Primeiro"	2.000 EUROS
Rosi Pardal Aragunde	***7459**	Paseos en familia	Valga	Categoría 3 "A Mobilidade Inclusiva"	2.000 EUROS
Rosi Pardal Aragunde	***7459**	Pedra papel tesoiras	Valga	Categoría 4 "Autonomía Infantil"	2.000 EUROS
Mónica Vila Ferreirós	***6569**	Vía Verde	Viaduto de Portas (Portas)	Categoría 5 "Mobilidades Alternativas"	2.000 EUROS
Hector Rodríguez del Oro	***7731**	Duplicidade	Praza da Ferrería (Pontevedra)	Categoría 6 "Espazos Seguros"	2.000 EUROS
Gaspar Antonio González Somoza	***6064**	Punto de encontro	Praia da Concha (Vilagarcía de Arousa)	Categoría 7 "Hábitat Saudable"	2.000 EUROS
Mónica Vila Ferreirós	***6569**	Paseo de Vilaxoán	Rúa Valle Inclán de Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa)	Categoría 8 "Espazos Amables e de Calidade"	2.000 EUROS
Hector Rodríguez del Oro	***7731**	Proximidade	Praza de Abastos (Mondariz)	Categoría 9 "Actividade Económica"	2.000 EUROS
Agustín Iglesias Otero	***8341**	En familia sobre rodas	Vía Verde do Salnés	Categoría 10 "Mobilidade Sostible"	2.000 EUROS



## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

## ACCESIT "PREMIOS ÁGORA DE FOTOGRAFÍA SOBRE O ESPAZO PÚBLICO"

PREMIADO/A	NIF	TÍTULO IMAXE	ESPAZO PÚBLICO FOTOGRAFADO	RECOÑECIMIENTO
Victor Manuel Lorenzo Santiago	***9532**	Lento pero seguro	Avda. de Bos Aires (Pontevedra)	500 EUROS
Iago Manoel Souto Lorenzo	***2953**	Sentir a rúa	Rúa Virxe do Camiño (Pontevedra)	500 EUROS
Mónica Vila Ferreirós	***6569**	Collemos todos	Rúa Valle Inclán de Vilaxoan (Vilanova de Arousa)	500 EUROS
Rosi Pardal Aragunde	***7459**	Tarde e papaventos	Catoira	500 EUROS
Héctor Rodríguez del Oro	***7731**	Relativismo	Cancha de baloncesto de San Antoniño (Barro)	500 EUROS
Gaspar Antonio González Somoza	***6064**	Come cocos	Avda. da Mariña (Vilagarcía de Arousa)	500 EUROS
Iago Manoel Souto Lorenzo	***2953**	Na rúa sempre fixemos vida	Rúa San Roque de Combarro (Poio)	500 EUROS
Agustín Iglesias Otero	***8341**	Entre azuis	Ponte das Correntes (Pontevedra)	500 EUROS
Elías Gómez Pérez	***6979**	Voando en Santa María	Praza de Santa María (Pontevedra)	500 EUROS
Gonzalo Arnejo Meijueiro	***1364**	8 20171226_120620_025-01	Rúa Montero Ríos con Marqués de Riestra (Pontevedra)	500 EUROS
Cristina Saiz Abelleira	***7838**	Hora do paseo	Avda. de Bos Aires (Pontevedra)	500 EUROS
Martina Oubiña Miser	***7467**	Agora003	Praza da Independencia (Vilagarcía de Arousa)	500 EUROS
Agustín Iglesias Otero	***8341**	Reencontros	Vía Verde do Salnés	500 EUROS
Ignacio Carlos Abella Dieguez	***6896**	La tela que te atrapa	Rúa Conde Vallellano (Vilagarcía de Arousa)	500 EUROS
Martín Barreiro Cruz	***3794**	Rúa Doméstica Rururbana	Moaña	500 EUROS
Rosi Pardal Aragunde	***7459**	Xogos de contraluz	Catoira	500 EUROS
José Manuel Domínguez Ventín	***1456**	Foto5	Praza de Abastos (Pontevedra)	500 EUROS
Ana Gómez Ferreira	***2990**	Avanzando sen fumes	Porto Deportivo (Vilagarcía de Arousa)	500 EUROS
Agustín Iglesias Otero	***8341**	Contigo	Senda da Pedra da Auga (Meis)	500 EUROS



**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

María Helena Cabral Alfonso	***1331**	2	Praza da Peregrina (Pontevedra)	500 EUROS
--------------------------------	-----------	---	---------------------------------	-----------

Segundo.- Publicar a presente Resolución Presidencial na páxina Web da Rede Ágora, [www.redeagora.gal](http://www.redeagora.gal), e na páxina Web da Deputación de Pontevedra, [www.depo.gal](http://www.depo.gal).

Terceiro.- Requirit ás persoas gañadoras e as que recibiron un accésit, a certificación do número de conta bancaria na que se ingresará o importe dos premios, logo de aplicarlle as retencións correspondentes de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Cuarto.- Informar ás persoas gañadoras e as que recibiron un accésit, que se vai proceder a comprobar que figuran ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, tal e como establece o artigo 14.1.e) da Lei 38/2033, de 17 de novembro, General de Subvencións.

*Documento datado e asinado dixitalmente*

*Contra a presente resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación (artigos 112, e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas) que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos no artigo 47 e 48 da mesma lei, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).*

*A oposición aos restantes actos de trámite poderá alegarse polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.*

*Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que se considere procedente.*

